

ACTUACIÓNS SINGULARIZADAS QUE CONSTITÚAN A TOTALIDADE OU PARA DUN PROXECTO DE CARÁCTER INNOVADOR E/OU COMPLEMENTARIO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS.- ARTIGO 4.1.b)1º

Inclúense neste tipo os seguintes servizos coa seguinte desagregación por programas -artigo 4.1.b)1º-:

Servizos de atención ás necesidades básicas:

- Servizo da cobertura de necesidade de alimento.
- Servizo de provisión de recursos básicos (hixiene, roupeiro, lavandaría, apoio material, ...).
- Servizo de atención de rúa e/ou servizo de atención urxente.

Servizos de prevención e primeira atención:

- Programas de valoración, orientación e información dirixidos a identificar situacións de risco e factores de vulnerabilidade, así como a informar sobre os recursos e prestacións do Sistema galego de servizos sociais.

1. Documentación para solicitar a subvención

- Anexo I
- Anexo II
- Anexo IV

2. Documentación para xustificar as subvencións

2.1. Xustificación das subvencións

A xustificación realizarase pola modalidade de módulos conforme o establecido no artigo 44.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente:

- A primeira anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de novembro de 2022, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite do 7 de decembro de 2022.
- A segunda anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1 de decembro de 2022 e o 30 de abril de 2023, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite do 15 de maio de 2023.

Documentación necesaria para a xustificación (artigo 23.2):

- Solicitud de pagamento no anexo V.
- Declaración responsable no anexo VI.
- Memoria económica xustificativa e declaración de gastos reais correspondente ao período que se pretenda xustificar no anexo VII.

- Listaxe codificada de persoas usuarias, á que se xuntará certificación acreditativa de que os datos que contén a dita listaxe se corresponden cos datos recollidos nos rexistros ou fichas en soporte papel do centro da entidade salvo que se trate de actuacións informativas que se desenvolvan en centros educativos, suposto no que será suficiente presentar unha certificación expedida pola persoa responsable do centro, onde conste o número de persoas asistentes.

- Na anualidade en que remate a actuación subvencionada presentárase, ademais, unha memoria segundo o guión establecido no anexo VIII.

Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º, necesidades básicas (anualidade 2022):

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_listaxe_act_41b1o_necesidades_basicas_01-07-2022_ao_30-11-2022.xlsx

Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º, informativas (anualidade 2022):

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_listaxe_act_41b_informativas_01-07-2022_ao_30-11-2022.xlsx

Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º, necesidades básicas (anualidade 2023):

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_listaxe_act_41b1o_necesidades_basicas_01-12-2022_ao_30-04-2023.xlsx

Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º, informativas (anualidade 2023):

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_listaxe_act_41b_informativas_01-12-2022_ao_30-04-2023.xlsx

2.2. Pagamentos á conta da liquidación definitiva do artigo 21

Poderanse solicitar un pagamento á conta da liquidación definitiva desde o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de novembro de 2022 e un desde o 1 de decembro de 2022 ata o 30 de abril de 2023, e cuxo importe total non poderá superar o 80 % da subvención concedida. Con cada solicitude de pagamento á conta deberase enviar a documentación prevista no artigo 23.2.

2.3. Pagamento das subvencións

O pagamento das subvencións realizarase en función do número de persoas efectivamente atendidas no período subvencionable, multiplicado polo importe unitario establecido no artigo 14.2.

Unha vez xustificada cada anualidade da subvención conforme o artigo 23, o órgano competente, antes de realizar o seu pagamento, efectuará as comprobacións oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.